

Sober aproba
un orzamento
superior aos
3,3 M€



Páxina IX

Deputación de
Ourense e Xunta
aproban
protocolo contra
incendios



Páxina VIII

Castro Caldelas
preserva as
razas
autóctonas
de gando



Páxina IX

VIII Marcha BTT
da Lamprea en
Arbo



Páxina X

Aberto o novo
tramo de
conexión da
A-55 co polígono
de Areas



Páxina XII



XLIV Feira do Viño de Amandi en Sober

Páxinas VI e VII

O BNG pide eliminar á Serra
da Groba do negocio eólico



No interior,
Suplemento
Especial
40 anos de
A Peneira



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

OPINIÓN

Por Roberto Mansilla Blanco

As sancións, funcionan?

Veño de realizar unha breve visita a Moscova. Como sabemos, Rusia é actualmente o país máis sancionado por Occidente: a UE acaba de abrir unha nova rolda de sancións toda vez pide desviar os fondos conxelados a oligarcas rusos no exterior para seguir financiando a guerra en Ucraína. Rusia está fóra do sistema SWIFT que regula as transaccións internacionais.

Non obstante, camiñar polas rúas moscovitas da outra radiografía. A economía rusa segue en pé, sorteando con eficacia as sancións occidentais. Lonxe do colapso económico e político como pretende Occidente, o FMI prevé un crecemento da economía rusa do 2,6% para este 2024. Os supermercados e os centros comerciais en Rusia están abarrotados de víveres e mercadorías. E as multinacionais, practicamente todas, seguen estando presentes. Os bancos e institucións financeiras seguen ofrecendo unha suculenta carteira de créditos. Os servizos públicos funcionan sen ningún impedimento, cunha eficacia que incluso asombra. Cunha clase media en ascenso e unhas elites oligarcas consolidadas, Rusia segue a ser un mercado apetecible.

Agora ben, poden preguntarse: como

pode ser isto posible? Tras dous anos de guerra en Ucraína, o Kremlin mantén un eficaz esquema financeiro paralelo que lle permite sortear as sancións. E tamén avanza no terreo militar e, progresivamente, no xeopolítico. Ten socios exteriores que lle axudan neste cometido, especialmente China pero tamén outros países como Turquía, Irán e India. Pode apreciarse unha variable de “des-occidentalización” a favor dunha “asianización” xeopolítica. Rusia mantén firme o seu Fondo de Emerxencia Económica aínda que as novas occidentais prevén que, co ritmo actual de asistencia financeira, só existan fondos de reserva ata o 2025. Mentres a OTAN, EEUU e a UE planifican escenarios dunha guerra aberta contra Rusia para os vindeiros anos, o Kremlin esforzase en blindarse ante calquera ameaza exterior. Lonxe de ser un paria internacional, Moscova mantén alianzas importantes en Asia, África, Oriente Próximo e incluso América Latina.

O tema ruso abre unha vella interrogante: serven realmente as sancións, en particular cando as mesmas teñen unha velada intencionalidade política? Cuba, Irán, China, Venezuela, Libia, Iraq, Sudán, Bielorrusia, Serbia, Birmania e outros tantos países

teñen recibido, en diversas épocas ou simultaneamente, sancións económicas e políticas principalmente dende EEUU e Europa. Israel non, obviamente, ese é outro tema. O esquema de sancións occidentais busca un cambio político ao seu favor nos países afectados. Noutros casos, de non ser este o resultado, ábrese a veda para a intervención militar e a guerra. Sucedeu en Serbia coa guerra de Kosovo en 1999 que acabou co réxime de Slobodan Milosevic; en Iraq en 1991 e 2003 co seu millón de mortos dende a caída de Saddam

O problema para Occidente é que Rusia resiste.

Hussein; en Libia en 2011 derrubando ao réxime de Muammar al Gadafi.

O problema para Occidente é que Rusia resiste. Pode entenderse por ser un país con recursos, tanto naturais como humanos, cun réxime político fortalecido e con apoio popular e alianzas exteriores efectivas nas que obviamente destaca China. Este panorama non esconde o peso da propaganda oficial, os sutís mecanismos de censura en aras da seguridade nacional ou as deficiencias democráticas e de liberdades existentes nese país, cando menos se os comparamos cos parámetros occidentais. Contrariar a política do Kremlin leva implícito o ostracismo, a prisión ou incluso

a desaparición física. Pero sexa por convencemento, coacción ou simplemente indiferenza, a sociedade rusa lexitima ao sistema de poder imperante e a un Putin que se encamiña cara outra reelección presidencial ata 2030 practicamente sen oposición á vista e con amplas cotas de popularidade.

O 24 de febreiro de 2022, cando os efectivos militares rusos cruzaron a fronteira para invadir Ucraína, proliferaron nos mass media e nas declaracións oficiais dos líderes occidentais as mensaxes que auguraban o presunto colapso ruso. Ucraína sería a tumba de Putin, dicían. Hoxe o panorama non pode ser máis diferente, e frustrante, para eses mensaxeiros do desastre ruso. Putin segue firmemente no poder, a economía rusa logra resistir practicamente sen problemas, a sociedade rusa vese con confianza aínda que non menos inquietude. E en Occidente crece o desencanto, o desgaste coa guerra ucraína e incluso hai quen se atreve a falar dunha negociación. Zelenski pasou de ser o “baluarte da civilización ante a barbarie rusa” a converterse nun estorbo co que Occidente xa non sabe que facer. E as sancións? Ben, grazas, con boa saúde. Sigamos adiante, por se acaso.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Non hai moito que non se acabe nin pouco que non alcance

Sabor agridoce, comentan algunhas plumas dos diarios máis lidos na conterna. Si, sabor agridoce para aqueles que agardabamos un cambio de rumbo tan necesario. Si, non era o momento máis oportuno de perder a conveniencia que se presentía. Non é o momento de ceder catro anos máis sen decidir. De todas formas, saíran como saíran os resultados das eleccións deberemos seguir afirmándonos no orgullo de ser quen somos. Os datos serán de melloría para os que pensabamos e pensamos que somos nós os donos do noso, da sorte e fortuna que se nos poña por diante, na responsabilidade de gobernar os nosos problemas, aqueles que se nos presenten. Deberemos ser nós -por toda lóxica- quen os resolvamos. Dubidamos sempre, pero hai que estar firmes nese aneio común, anque moitas veces os nosos representantes non teñan a urxencia de representarnos no que somos. Temos, dun xeito ou outro, que reafirmarnos e seguir mirando cara adiante, a pesar de tantos que nos negan, de tantos que se negan a si mesmos, de tantos que negan a evidencia, de tantos que apartan da verdade. A

pesar dos negacionistas de sempre que só cren no medo e na intimidación. Temos que salvar a nosa existencia agarrándonos á liberdade, esa que está a carón da verdade, moi pretiño da dignidade. Única bandeira e único medio eficaz e limpo de acadar o que nos corresponde. A lei D' Hont amanceba números para que as cousas cadren ben. E iso que houbo asistencia e moita ilusión nun día bo, que ventaba horizontes. O auto desprezo que nos gastamos é moi profundo e temos que chamar tamén por esa xente, convencela da verdade, porque ese estado latente de mentira empobrecenos en teimosías inoculadas hai moito tempo. Debemos facelos sabedores e sabedoras dese mal querer que nos ataca, de tanta volta e reviravolta que non deixan ver con transparencia as contaminadas formas de facer, de privilexiar amizades, de incumplir o mandado e a lei. Se volvemos a vista atrás para facer memoria, para comprender o tamaño dos feitos e das actitudes que nos trouxeron a onde estamos. Se a iso engadimos a ineptitude en tantos temas primordiais, entón xa teremos a consciencia en orde e a consciencia nece-

saria para asumir os datos que veñan, as votacións que deban poñer couto ao abuso e ao exceso. Todo xa con coñecemento e responsabilidade.



O certo é que, unha vez máis, democraticamente cedemos anos que serían propicios para a recuperación do sentimento feliz de orixe e pertenza, de Lingua e determinación para reconstruírnos ante o abandono ou a renuncia, a desidia e des-

consolo indolente de tanto dano medioambiental, da Cultura en letras grandes, de tanto dano causado no desleixo, na ausencia de previsións, de axudas para sabernos lonxe da cesión entregada aos que mandan desde Madrid. Ben quixera que volvese a xente ao rural, que non houbo a crise de poboamento e abandono, que houbo unha reestruturación das plantacións e montes, na agricultura, no acceso ás vivendas da xente nova, na dignidade dos traballos, nunha industrialización sostible, no control dos prezos, na atención aos desatendidos, de boa praxe educativa e medios para atención con menos ratio por aula, de medios e certezas médicas con pronta asistencia e probas con atención personalizada.


Alá, ao lonxe, contestáronme voces: ...“pero ti que pensas? Estás tolo!.. Todo iso sería posible se gañasen outros que tivesen gañas de facer cambiar isto! Mais como somos “masocas”, pasa o que pasa e temos que roelo así. Son redes clientelares que funcionan con garantía de protección e subvención, e funcionan, ben se ve”. Quédanos o consolo de que non hai moito que dure sempre, nin pouco que non aumamente.



Haberá máis democracia

Quizais un dos máis grandes méritos do BNG de Ana Pontón nestas eleccións nacionais foi pór por diante a axenda de intereses galegos, malia os esforzos en contra opostos polos paracaidistas do PSOE, Sumar e PP. Ficou ben nidio que a cidadanía do país quería escoitar e falar dos seus problemas e das súas posíbeis solucións. Velaí o bo suceso do BNG e mesmo, parcialmente, da reacción do PP de Rueda, que apelou fronte á Pontón a argumentos propios de políticas a desenvolver dende Galicia.

Malia Feijóo, Sánchez, Díaz ou mesmo Rueda na precampaña e primeiro terzo da campaña, falouse de autogoberno, economía e benestar. Referidos a Galicia. Falouse do que nos convén e do que nos deixa de convir e ducias de milleiros coñecen xa que aos galegos e galegas non



nos compre máis España, senón máis Galicia. Dito doutro xeito, que partillamos lóxicamente-somos un país europeo non demasiado diferente do conxunto dos demais- algúns dos intereses comúns do Es-

tado e da Europa, mais diferimos en non poucos polas características do noso territorio, distribución da poboación, lingua e cultura e estrutura económica.

Velaí un sistema de representación política ben diferente do estatal (Voz, Sumar e Podemos sen representación, PSdeG con só un 14% dos votos e un 12% dos escanos, mentres o BNG quita un terzo dos escanos...), de dimensións diferenciais só albiscábeis en Catalunya, Euskadi e Nafarroa. Representación que alicerza unha interpretación plurinacional do Estado se Sánchez Pérez-Castejón é quen de respectala e pode constituir o único xeito de ver esa España que outros teiman en conceptualizar única no lingüístico, cultural e (o que aínda é peor) no atinxente aos intereses empresariais, sociais e de infraestrutura social básica.

Terá tamén Rueda oportunidade de demostrar se vai continuar a ser un apéndice dos intereses da grande empresa madrileño-española que representan Núñez Feijóo

e Díaz Ayuso ou quere representar centos de empresas galegas, quer da economía do capital, quer da economía social, que demandan un apoio do seu Goberno que até de agora lles foi negado.

E, en último de contas, a sociedade civil galega haberá reivindicar, se os seus axentes queren ser críbeis en cadanseus ámbitos sectoriais, a súa autonomía a respecto de todas as opcións políticas, o que até de agora non foi posíbel. Malia exemplos de corrección democrática como o de Vieitez, presidente da CEG, cando recoñeceu que o programa do BNG era substancialmente "amigábel" canto aos intereses da promoción empresarial.

O PP quitou a maioría absoluta. Mais xa non é hexemónico nin vai poder impor, en exclusividade, a súa axenda na sociedade civil galega. Imos vivir, xa que logo, tempos de máis democracia.



Un perímetro axeitado para a amnistía catalá

O Congreso vai aprobar nesta vindeira quinta, 14-M, o que probablemente ha ser o texto definitivo da lei que amnistiará os delitos vencellados ao procés, pois que o previsíbel veto do Senado (onde o PP ten maioría absoluta) ficará sen efecto tan logo a proposta legislativa volte ao Congreso e éste anule o veto devandito e aprobe xa a lei.

A aprobación foi posíbel polo acordo entre PSOE, ERC e JuntsxCat a respecto dunhas emendas transacionais que definiron de vez o perímetro dos delitos que van ser borrados pola amnistía. Unhas emendas transacionais posíbeis tanto pola intelixencia política de JuntsxCat ao rexeitar no Pleno do 30-X a pouco acaída versión normativa que daquela se votou, mantendo vivas as súas emendas como polo acerto do traballo conxunto de ERC e JuntsxCat que esqueceron esta vez a súa competencia electoral para traballar nunha única proposta técnico-xu-

ridica ben alicerzada para lle propor conxuntamente ao PSOE.

Xa que logo, a amnistía vai acadar todos os delitos, delitos leves e condutas xeradoras de responsabilidade administrativa e contábel posteriores ao 1 de novembro de 2011 e anteriores ao 13 de novembro de 2013 vencellados á consulta cidadá convocada para o 9-N de 2014 e ao referendun do 1-Ou de 2017, incluídos os seus actos preparatorios e máis as accións públicas para permitir este último e as de protesta posteriores aos mesmos e ao procesamento e condena dos seus responsábeis. Desta definición só ficarán excluídos:

i) Os delitos dolosos com resultado de morte ou determinadas lesións cualificadas.

ii) Os delitos graves de torturas e tratos inhumanos ou degradantes.

iii) Os delitos de terrorismo consonte coa definición da Directiva europea 2017/541 e que, ao tempo, causaran de

xeito intencionado graves violacións dos dereitos humanos ao abeiro do disposto no dereito internacional humanitario e no Convenio Europeo dos Dereitos Fundamentais que define o ámbito da protección destes dereitos no Estado, consonte co Constitución.

iv) Os delitos alicerzados en motivacións racistas ou discriminatorias.

v) Os delitos de traición, contra a paz e independencia do Estado e relativos á defensa militar sempre que houber unha ameaza efectiva e real de uso da forza contra o Estado nos termos sinalados na Carta das Nacións Unidas e na súa Resolución 2625(XXV) do 24-Ou de 1970, así como os delitos contra a comunidade internacional.

vi) Os delitos de malversación cando tivesen como resultado un arrequecemento persoal do autor ou de terceiro ou atinxisen aos intereses financeiros da UE. Inclúense, porén, na amnistía o destino de fondos públicos ás finalidades da consulta e referendun de 2014 e 2017 e da preparación ou reivindicación da independencia de Catalunya.

O perímetro definido é o acaído tendo en conta a necesidade de que a amnistía

respecte as regras do Dereito Europeo e Internacional, así como o marco de protección dos dereitos humanos e prognostica o fracaso das eventuais cuestións prexudiciais que poidan remesar no próximo futuro os Tribunais españois ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea preguntando sobre a adecuación da amnistía ao ordenamento xurídico europeo.

Cómpre, en último de contas, lembrar que a amnistía é unha ferramenta lexislativa certamente excepcional nas democracias avanzadas, malia que a Comisión de Venecia na súa función consultiva do Consello de Europa teña documentado doce iniciativas análogas nos últimos anos no ámbito europeo. Esta excepcionalidade ha responder a unha finalidade tamén extraordinaria, que neste caso é a restauración da convivencia democrática na Catalunya, negativamente afectada pola desproporcionalidade da persecución xudicial da Sala do Penal do Tribunal Supremo, de determinados órganos xudiciais penais da chamada "Audiencia Nacional" e tamén por algúns radicados no territorio catalán a respecto dos feitos supostamente delictivos que agora van ser obxecto da amnistía.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

MISCELANEA

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

No pasamento dun amigo de meu

Morreu Xavier Sierra i Valentí (Girona 1952), un médico prestixioso na súa especialidade, a dermatoloxía. Deixounos unha ampla bibliografía que acredita os seus merecementos de médico de grandes coñecementos científicos. Amais disto, foi un meritorio humanista como se pode observa lendo as achegas do seu blog “Un dermatólogo en el museo” que acadou 2.651.562 visualizacións.

Era un erudito coñecedor da arte pictórica universal da que fixo orixinais interpretacións descubrindo nos retratos dos grandes pintores as afeccións dermatolóxicas dos seus protagonistas. Reparemos algunhas súas descrições. No “Retrato de familia” de Giacomo Bassano observou no personaxe central carcinomas basocelulares ou basiliomas. Noutro, de Sorolla, diagnosticoulle ao retratado unha importante rosácea que motivaba unha eritema. No “El viejo pescador” de Picasso, Xavier Sierra detecta a presenza de queratose actínicas. En “María, la gallega”, de Velázquez, unha cuperose facial, reveladora dunha rosácea incipiente”. Atopo en García Sabell idéntica orixinalidade no ensaio “Van Gogh e a dimensión antropolóxica da pintura contemporánea”.

Durante moitos anos envioume as sucesivas achegas que ía publicando no seu blog. Nunha ocasión propuxéalle que incluíse nos seus estudos os retratos dos grandes pintores da pintura galega, (Castelao, Fernando Álvarez de Sotomayor...) onde podemos observar con gran realismo as peculiaridades dos rostros pintados.

Coñecino un día, hai ben anos, no Pazo dos Ulloa, en Esposende (Ribadavia). Viñera a pé feito para participar na entrega dos Premios Babel de Prata e etiquetaxe en lingua galega, convocados pola Asociación Álvaro das Casas, que tanto interese lle suscitara. Aquel día falamos moito coincidindo en moitos diagnósticos sobre a pluralidade cultural da península ibérica e os acontecementos políticos que se daban nela. Fixemos moita amizade que mantivemos durante moitos anos ata pouco antes do seu falecemento.

Que interese ten para os galegos, e nomeadamente para os profesionais da sanidade galega Xavier Sierra i Valentí? Velaquí algunhas das nosas conversas que teño nos intercambios epistolares a través do Facebook, que definen a súa personalidade: “A miña muller é galega e grazas a ela ga-

leguiceime. Mercedes fala o catalán decotio; fálaos sempre. Dilles a todos que non lle falen castelán; que falen galego ou catalán. Falamos en catalán en Catalunya e en Galicia galego. O meu pai era galego, de O Vicedo (Lugo) e aprendeume moitas cousas de Galicia: historia, lendas e tradicións populares. Gústame o galego e lin moitos libros en galego. Son nacionalista catalá e polo tanto galeguista”.

Xavier Sierra e Valentí é autor dun libro escrito en catalán de 174 páxinas titulado “Lírica Galaicoportuguesa Medieval”. En Catalunya ditou conferencias en galego sobre os nosos grandes escritores. Mesmo traduciu ao catalán poemas dalgúns poetas galegos.

“Como estiven indo a Galicia cada quince días a Galicia durante dez anos, tiveron moitas oportunidades para enchouparme da lingua e a cultura galegas. Cando ía a Vigo (a súa muller exercía a medicina na sanidade pública) e viaxabamos no barco dun amigo cantabamos. Eu xa sabía a letra de todos os cantares galegos”. Tiven a oportunidade de comprobalo aquel día no xantar que seguíu á entrega dos Premios Babel de Prata.

Xavier Sierra foi independentista catalán. Aínda así era tolerante cos que tiñan posicionamentos políticos antagónicos. “Se alguén me aporta un argumento (un só) polo que os cataláns teríamos máis avan-

taxes sendo españois, estou disposto a cambiar de bando”. Algo que lle parecía imposible. Nunha conversa díxerame: “Líches o que dixo Sarkoy, o presidente francés?, preguntoume. Dixo que se Catalunya é independente vai provocar unha onda de independencias en Europa, e vaise converter en pequenas nacións que van reactivar a economía e o progreso, porque agora Europa está presa dos estados ineficaces. Que Catalunya vai ser independente sábeo todo mundo. Tamén en Madrid”.

Coñecía a actitude da clerecía galega, que era distinta da de Catalunya, identificada de vello cos valores identitarios do país. “Sabes o que pasou o 1º de outubro en Vilarrodona, un pobo de Tarragona? O escrutinio fíxose durante a misa co beneprácito do crego que artellou todo para que a Garda Civil non mallase a ninguén”.

O día 25 de xullo pasado recibín a súa derradeira mensaxe: Bó Día da Patria Galega. Viva Galicia Ceibe!

Fóisenos Xavier Sierra. Catalunya perdeu un científico e un catalanista activo. Galicia un gran admirador de noso e solidario coa nosa causa. Eu un amigo a quen tanto admirei.



O PSdeG pide responsabilidades polo derrubamento da ponte de Espadanedo

O PSdeG-PSOE de Ourense reclama responsabilidades “políticas” tralo colapso e derrubamento da ponte da OU-536 ao seu paso por Xunqueira de Espadanedo. Critica que a “chapuza low cost” executada e rematada pola Xunta de Galicia hai escasos meses non serviu para solucionar a “grave” problemática que presentaba esta infraestrutura que acabou afundindo.

O PSOE ourensán lembra que xa no mes de xaneiro se despra-



zaron ata a zona para comprobar a situación da ponte e denunciar o “desleixo” da Xunta de Galicia cara esta infraestrutura, que foi reformada a finais de 2023, coa instalación dunha capa de rodaxe e a rehabilitación do firme. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, recoñecía o 18 de abril de 2023 nunha carta enviada ao alcalde de Xunqueira de Espadanedo que a ponte “non tiña ningún problema estrutural, pero si precisaba de modo prioritario da rehabilitación do firme”.

Estudantes galegos en proxecto da Axencia Espacial Europea

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades en funcións, Román Rodríguez, abriu a xornada de formación para os 23 equipos galegos con 140 participantes na fase rexional de CanSat 2024, a competición promovida pola Axencia Espacial Europea e que conta co apoio da Xunta de Galicia, na que se reta ao alumnado de Secundaria a realizar unha simulación dun satélite desde a súa concepción ata o lanzamento ao espazo e

posterior recollida de datos.

A xornada de lanzamento de satélites terá lugar o 23 de abril no aeródromo das Gaivotas en Cerceda e posteriormente, o día 26, haberá un evento para a defensa dos resultados dos proxectos, nos que se valorará a parte de programación e de construción de hardware, así como a parte de comunicación e difusión das propostas. O equipo gañador da fase rexional representará a Galicia na fase nacional.

SEVERO
VINOS
COMIDAS
desde 1956
Morales Hidalgo N° 3 PONTEAREAS
986 64 01 43 - 645 862 380

By
Barriguiñas
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo
627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

0 Concello de Sober aproba o orzamento que supera os 3,3 millóns de euros

O Concello de Sober vén de aprobar os orzamentos para 2024 que supoñen un importe 3.344.414.18 euros, en torno a un 7% máis que en 2023. As contas saíron adiante co voto do equipo do goberno, en mans do PP, e o do PSOE e coa abstención de Agroma Sober. Un ano máis os presupostos garanten a igualdade no acceso ao emprego, na formación, na promoción e nas condicións de traballo. Promociónase a igualdade e a participación activa das mulleres en todos os ámbitos (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde,...).

Como vén sendo habitual nos últimos anos prima o gasto social e os investimentos reais. Ao tempo que non se sobe ningún imposto nin taxa. En concreto, destínase a benestar comunitario e gasto coial máis de 1,6 millóns de euros

e a cultura, educación e deporte arredor de 500.000 euros. Os investimentos reais superan o millón de euros. Entre as inversións previstas, atópase a última fase do saneamento no núcleo de Doade, con 51.000 euros, a construción dun novo Punto Limpo e una nave municipal con taller de reciclaxe cun investimento de 275.000 euros, dos que a Consellería de Medio Ambiente achega o 80%.

Tamén se inclúen no orzamento partidas para mobiliario nas dúas vivendas municipais recentemente arranxadas en Vilamaior e para a nova Escola Infantil cuxas obras está previsto rematen neste mes de febreiro. Incluíuse ademais unha partida para a compra de instrumental para a Escola Municipal de Música. Ao mesmo tempo os presupostos inclúen 40.000 euros para obras no Centro So-

ciocultural para insonorización de aulas, climatización eficiente e melloras na cuberta. A rehabilitación do palco de Rosende e a construción dun local social no palco de Gundivós contan con 61.000 euros. Tamén se prevé a construción dunha nova piscina infantil con xogos interactivos, una pista de volei Praia e melloras nos céspede da área de piscinas de Centeás. Esta obra supón una inversión de 140.000 euros, dos que o 80 por cento son a cargo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Contan os presupostos con partidas para melloras urbanas, entre outros lugares, en Ferrón, Sanmil ou Portizó, obras que suporán una inversión de preto de 200.000 euros dos que o 70% serán achegados pola Xunta de Galicia. Para a mellora de camiños municipais inclúense preto de 300.000 euros,



Casa consistorial de Sober.

deles 120.000 con cargo o Plan Único da Deputación, 100.000 a través do Plan Marco da Consellería de Medio Rural e 80.000 de fondos propios do Concello.

Axudas e emprego Mantense a liña de axudas para todos os niveis de ensino (infantil, primaria, secundaria e universidade) e segue tendo peso o fomento do emprego con unha partida de máis de 85.000 euros.

As festas populares seguirán tendo axuda municipal, aumentouse a dotación para as festas de Cadeiras, para a AMPA e para os dous clubs de fútbol. As aso-

ciacións poderán optar a axudas para organización de eventos puntuais ou para proxectos de actividades.

Incrementábase o salario de todo o persoal municipal no 2,5% aínda sen saber se o Estado sobe esa porcentaxe, unha proposta co visto bo dos sindicatos na mesa de negociación.

O rexedor, Luís Fernández Guitián, aseguro que se trata duns presupostos “realistas” pensados en seguir mellorando a vida das familias e na que contan por igual todos os veciños e veciñas, vivan onde vivan.



SANTABAIA
RESTAURANTE

Fin de semana e festivos
menú especial
Churrasco para levar
Menús diarios
Carta

Santabaia, 6. Tfno. 988 38 02 54. O Pereiro de Aguiar



Café Pereiro

O teu lugar de encontro

Tfno. 988 25 93 84

32710 O Pereiro de Aguiar - Ourense







concello do
Pereiro
www.pereiro.gal

LUGO

O Pereiro de Aguiar convidado de honra na Feira do Viño de Amandi

Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, presentou no miradoiro de Pena do Conde, na Barca, a programación da XLIV Feira do Viño de Amandi, as actividades que forman parte do Mes do Amandi e o cartel anunciador do evento, cuxo autor é o vilalbés Eduardo Pérez Baamonde. Estivo acompañado por parte do equipo de goberno, adegueiros e adegueiras.

Este ano o convidado de honra é o Concello do Pereiro de Aguiar, nunha edición da feira que por vez segunda vai comezar o venres 22 de marzo e estenderase durante o sábado e domingo de Ramos. Para a presente edición están inscritas 22 adegas da subzona de Amandi. A xornalista e presentadora de televisión Lucía Rodríguez será a encargada de dar o pregón, o domingo día 24 ás 13:00 horas.

Programa da Feira

Venres 22 de marzo ás 19.00 horas actuación de Batucada XdL de Monforte. Ás 19.30 horas inauguración a cargo da Adegas De Fran de Vilachá de Doade, en lembranza de José María Díaz. Ás 20.30 horas actuación da banda de música. Ás 22.30 actuación da charanga Festicultores Troupe.

Sábado 23 ás 11.00 horas apertura de stands. Ás 11.15 horas: Actuación de Baturruka de Monforte. Ás 12.30 horas actuación da Banda de Música de Sober. Ás



Casetas das adegas na edición do ano 2022.

17.00 horas comezo da Precata Oficial. Ás 18.00 horas actuación de Batucada Creativa de Monforte. Ás 20.00 horas actuación da charanga Louband de Sarria. Ás 23.00 horas actuación de Malenne na Praza do Concello.

Domingo 24 ás 10.45 horas actuación da charanga NBA. Ás 11.00 horas pasarrúas coa Banda de Música de Sober. Ás 11.30 horas comezo da Cata Final Oficial. Ás 11.30 horas misa solemne coa bendición de ramos, na Igrexa de Sober. Ás 12.30 horas recepción de autoridades na Casa do Concello. Ás 13.00 horas pregón a cargo da xornalista Lucía Rodríguez. Ás 13.30 horas entrega de premios. Ás 17.30 horas actuación da Charanga NBA. Ás 19.30 horas baile coa orquestra Los Sautelites.

Lucía Rodríguez será a pregoeira do Viño de Amandi

Lucía Rodríguez, xornalista e presentadora de televisión con raíces en Sober, será a pregoeira da XLIV Feira do Viño de Amandi. A moza defínese como “100% Ribeira Sacra”, debido a que o seu pai é de Sober e a súa nai de Castro Caldelas.

O programa que presenta na TVG ‘Xente marabillosa’ vén de conseguir o Premio Iris da Academia da Televisión, que recolleu en Madrid.

Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober asegura que “é unha gran embaixadora do noso Concello, polo que estamos moi contentos de que estea connosco no maior escaparate dos nosos viños, o Amandi”.



Eduardo Pérez Baamonde é o autor do cartel

O Concello de Sober fallou o concurso do cartel que anunciará a XLIV Feira do Viño de Amandi. O xurado, formado por técnicos municipais, elixiu entre unha vintena de propostas chegadas de diferentes puntos do Estado. Ademais dos orixinais de Sober, Monforte e Chantada, tamén se recibiron carteis das outras tres provincias galegas. De fóra de Galicia, chegaron propostas de Murcia, Castellón, Madrid e A Rioxa. O grupo máis numeroso chegou da propia Comunidade.

A proposta gañadora foi a titulada “Federica Faneca” da autoría de Eduardo Pérez Baamonde, de Vilalba, gañador do



O cartel foi presentado no miradoiro de Pena do Conde.

mesmo concurso no ano 2021. Resultaron finalistas os traballos de Fernando Mariño, do Incio; Sara Bernárdez, de Vigo; e José Luis Pulido, de Madrid.

Restaurante A Rola

Menús variados desde 12 euros.
Comidas e celebracións á carta.
Tfno reservas 665 512 586

Complexo Turístico O Corgo. Mugueimes. MUIÑOS

vinoteca
Cotrozo

Bo café e excelentes viños
na mellor compañía

Rúa Francisco de Moure, 11 (O Couto)
Tfno. 988 61 81 41. OURENSE

BAR ORELLAS

Orella, rabo,
lacón, cachucha
e polbo cocido
e prensado.
Lomo, chourizo,
salchichón
e marcón ibérico.
Queixo manchego
e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE

Tizar
Gourmet

Tel: 988 78 26 89
Tel: 633 84 90 10
Plaza de Santa Eufemia, 5
32005 Orense
tizargourmet@gmail.com
Facebook @tizargourmet
Instagram @tizargourmet

Programación cultural e cata no Mes de Amandi

Durante trinta días o Concello de Sober organiza o tradicional Mes de Amandi para arroupar a celebración vinícola e gastronómica. O xoves 29 de febreiro ás 19.00 horas no Centro Sociocultural celebrase unha xornada sobre “El cambio de variedades en el viñedo: técnica del sobreinjerto” a cargo de Vicente Sotés e Esteban Ponce de León. Organiza: GDR Ribeira Sacra Courel. Venres 1 de marzo: Ás 16.30 horas os participantes nas merendas con contos visitarán viñedos de Viticultores do Amandi. Sábado 2: Ás 12.00 horas na Biblioteca Pública Municipal, presentación dos resultados da última prospección arqueolóxica con xeoradar en Proendos a cargo do Arqueólogo Francisco Alonso Toucido. Xoves 7. De 12.30 a 14.30 horas na Escola de Hostalería de Rosende, Xornada de Maridaxe: viño de Amandi con paixe de Burela. Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela. Xoves 7 de marzo: Ás 17.30 horas no Centro Sociocultural, VI Cinefórum: Eroski Paraíso. Organiza: Asociación O Colado do Vento. Venres 8: Ás 19.00 horas no Centro Sociocultural concertó da orquestra de jazz do Conservatorio de Ourense. Sábado 9: Ás 12.00 no Centro Sociocultural de Sober, presentación do libro de José María Lago Borstein “Un recorrido por las parroquias de Sober”.

Martes 12 de marzo: Ás 17.00 no Centro Sociocultural de Sober. Encontro co escritor José María Lago Borstein. Organiza: Club de Lectura Pintor de Castinandi. Mércores 13 de marzo: Ás 12.00 no Centro Sociocultural de Sober. Taller: enólogo por un día. Organiza: Vinosacra. Sábado 16 de marzo: Paseo histórico pola Parroquia de Santiorxo. Inscricións: coladodoventomail.com. Organiza: Asociación O Colado do Vento. Sábado 16 e domingo 17: Proba de Xaurías sobre Xabarín Salvaxe. Organiza: Club Español do Griffón Bendeano. Lúns 19: De 10.00 a 14.00 horas no Centro Sociocultural de Sober “4º concurso de sumilleres”. Organiza: Escola de Hostalería de Rosende.

Outras actividades

Ineco Rural Tic: Do 19 de febreiro ao 1 de marzo o Concello de Sober forma parte dun programa de impulso e desenvolvemento de proxectos de transformación dixital. Organiza: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Taller de campo. Do 15 ao 17 na Casa Grande de Rosende realizárase o Taller de Campo literatura e paisaxe con Julio Llamazares. Organiza: La Plantación. Redes Lilas: Entre o 8 de marzo e o 25 de maio Feminismo dende o Pobo e para o Pobo. Actividades para mulleres de todas as idades. Organiza: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober. Do 1 de marzo ao 1 de



Alcalde, concelleiros e adegueros brindando polo éxito da Feira do Viño de Amandi.

abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XLIV Feira do Viño de Amandi. As exposicións Anhelos e inmarcesibles visitarán entre outros lugares o Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, o Concello de Sarria, o CIS da Coruña ou o Concello de Coles.

Cata de viños

Cun xurado profesional celebrase una precata e cata final dos viños expostos na

Feira. Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2023, un premio para viños brancos da anada de 2023, un premio para viños rosados da anada 2023 e un premio para viños envellecidos en barrica. Organiza: Vinosacra. Para esta edición presentáronse 20 orixinais de carteis chegados de diferentes puntos do Estado. O xurado acordou outorgar o primeiro premio o traballo presentado por Eduardo Pérez Baamonde.



OURENSE

Protocolo para a prevención de incendios forestais

José González, conselleiro do Medio Rural, e Luís Menor, presidente da Deputación de Ourense, asinaron un protocolo de colaboración para avanzar en materia de prevención de incendios forestais.

Este convenio ten un orzamento máximo de 3,8 millóns de euros, o que supón case triplicar o importe do acordo anterior e céntrase na realización de actuacións conxuntas para o mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal no territorio provincial. Destes fondos, a Deputación aportará un máximo de 1,3 millóns de euros e a Consellería os 2,5 millóns restantes.



Entre as intervencións previstas figuran os traballos de roza de matogueira para xestionar a biomasa, a mellora da xestión do persoal adscrito aos concellos da provincia en materia de defensa contra incendios, a adquisición de ata 12 tractores rozadoiras,

así como de maquinaria motoni-veladora ou a cesión, por parte da Deputación, de maquinaria da súa titularidade aos concellos para tarefas preventivas.

Ademais, como novidade este ano, poranse en marcha catro programas piloto para dotar cun total de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por seis meses a outras tantas mancomunidades municipais da provincia. Trátase das do Ribeiro, Terras de Celanova, Comarca do Carballiño e Comarca de Verín. A maiores, en virtude do protocolo darase formación especializada ao persoal municipal e das mancomunidades a través do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén.

Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor para 2024

A Xunta de Goberno da Deputación vén de aprobar as bases da 43ª edición do Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor, convocado pola Deputación de Ourense e a Fundación Blanco-Amor, e dotado con 15.000 euros. O Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor ten como principal finalidade fomentar e difundir a literatura en lingua galega. Leva o nome de Eduardo Blanco-Amor en homenaxe a un dos principais escritores de Galicia, que renovou, coa súa obra a narrativa galega. Foi instituído, no 1981, a instancias do Concello de Redondela, e chegou a contar co apoio de corenta e seis concellos de

toda Galicia. Desde o 2015 organiza e patrocina este certame a Deputación de Ourense, incorporándose, no 2017, a Fundación Eduardo Blanco-Amor, creada daquela.

Poderán participar no premio as persoas maiores de idade, de calquera nacionalidade, que presenten novelas orixinais, inéditas, non premiadas en ningún outro certame, nin publicadas ou rexistradas, total ou parcialmente, escritas en lingua galega coa normativa ortográfica vixente. Non se poden presentar os/as autores/as premiados/as en edicións anteriores. Poderán presentarse orixinais ata o 24 de xullo de 2024.

A Xunta amplía o programa “Xantar na casa” no Pereiro de Aguiar

A Xunta de Galicia amplía en 20 prazas máis o programa Xantar na Casa no Pereiro de Aguiar para chegar a ata un máximo de 45 beneficiarios, entre

maiores que viven sos, persoas dependentes ou que están en risco de exclusión social. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Ro-

dríguez, e o alcalde, Luís Menor, asinaron o novo convenio de colaboración para ampliar o número de usuarios deste programa.

Perfecto Rodríguez sinalou que

este convenio responde á demanda detectada polos servizos sociais do Concello, que son os encargados de seleccionar aos usuarios. A Xunta encárgase de financiar o 50% do custe da comida, mentres que a outra metade corre a cargo do Concello e dos usuarios a partes iguais.

Así mesmo, o xerente do Consorcio explicou que a comida re-

pártase nos domicilios nunha única entrega para todos os días da semana —incluídos sábados, domingos e festivos—, polo que o destinatario soamente ten que quentala antes de consumila. Ao usuarios do programa tamén se lles facilitan os electrodomésticos que necesiten no caso de que careza deles, como neveira e microondas.



Deputación e Xunta reclaman máis financiamento para o regadío da Limia

A Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia reclaman ao Goberno Central un esforzo adicional no financiamento da modernización do regadío da Limia para evitar sobrecustes aos regantes. Así o reiteraron o presidente provincial, Luis Menor e o conselleiro do Medio Rural, José González, nun encontro que tiveron cos representantes dos regantes na capital da bisbarra, Xinzo de Limia, no que tamén participaron os alcaldes dos con-

cellos beneficiarios deste proxecto: Xinzo de Limia, Amador Díaz; Porqueira, Susana Vázquez, e Trasmiras, Emilio Pazos. O presidente provincial salientou que a comarca da Limia é “un dos territorios de maior produción agraria de Galicia” que precisa “unha ampliación e mellora do seu sistema de regadío”. Un plan no que están involucradas diferentes administracións (Goberno Central, Autonómico e a Deputación de Ourense) e que

nestes momentos se atopa no proceso de captación da auga para a execución da canalización da mesma. O Goberno Central “pretende que sexan os regantes os que deben asumir o custe do IVE desta obra, unha cantidade que resultaría inasumible para os profesionais do sector”, apuntou Luis Menor. Ante esta situación, a Xunta e a Deputación propoñen que a achega económica do IVE para o plan de regadío da Limia



se faga a través da mesma estrutura de financiamento que contempla o convenio: 80 % asumido polo Goberno Central e o 20 % financiado polos regantes. “Dado o noso compromiso total coa comunidade de regantes e sendo conscientes da importancia do

seu traballo, estamos dispostos a asumir entre a Deputación e a Xunta ese investimento do 20 % que lle correspondería, nunha nova vontade de lograr a mellor solución posible para o noso sector agrogandeiro”.

Castro Caldelas a prol da conservación das razas autóctonas de gando

O Concello de Castro Caldelas mantén a súa aposta pola promoción da gandeiría de vacún na Comarca de Caldelas. Celebrouse a primeira feira do ano 2024 no recinto do Toural. O calendario de feiras para este ano, acordado cos gandeiros da zona o pasado verán nunha reunión comarcal co sector, é o seguinte: 2 de marzo, 3 de agosto e 11 de setembro coa

XXVII Feira-Concurso Exposición de Gando Vacún. Segundo a alcaldesa Sara Inés Vega Núñez, é unha iniciativa que “nos permita poñer en valor e axudar nestes momentos difíciles para o campo galego co obxecto de premiar o esforzo e iniciativa á hora de contar cun gando de excelentes cualidades e con diferentes razas nesta comarca de montaña, facilitar as transaccións

económicas de venda das súas reses entre os propios gandeiros e tratantes e o intercambio de experiencias entre os produtores para axudar a implatación de gando autóctono, cada vez con máis futuro dada a gran calidade dos nosos pastos e praderías”. Outras das pretensións destas mostras é “situar á gandería no lugar que cremos que debe ocupar como motor económico e de loita



contra o abandono do campo, a loita contra os lumes e o relevo xeracional. Queremos potenciar ao máximo a comercialización e

distribución destes produtos, base primordial da economía da nosa comarca contando coas institucións públicas”, dixo a alcaldesa.



CONDADO/PARADANTA

Hostaleiros das Neves alertan sobre a escaseza da lamprea

En plena tempada de lamprea os propietarios dos restaurantes Casa Calviño e O Frenazo, Laureano Calviño Groba e Víctor M. Castro, ámbolos dous nas Neves e con selo de calidade SICTED, alertan da escasez da lamprea tras observar que, nos cinco últimos anos, foron testemuña dun descenso no número de exemplares, sendo este 2024 o que revela peores números.

Argumentan como causas o furtivismo, o exceso de pesca río abaixo e a baixada do caudal. A escasez de produto provoca un aumento de prezo xa que as hos-



talarías de Lisboa, Porto, Madrid e Barcelona compran grandes cantidades. Os hostaleiros trasladaron estas demandas ao actual presi-

dente en funcións da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, no encontro coa Federación de Hostaleiros de Pontevedra.

Arbo recuperará o lavadoiro de Teimende

O lavadoiro do barrio de Teimende será obxecto dunha intervención que pretende frear o deterioro e restablecelo a un estado óptimo para a recuperación do seu uso pola poboación. Ante o índice de degradación no que se atopa a construción, o programa con-



siste nun plan de intervención global, coordinando os diferentes oficios.

Nos últimos anos o Concello de Arbo, recuperou varios lavadoiros como por exemplo o do Urzal na parroquia de Barcela, Perneiral e Coutada en Cabeiras, Valiñas e Lama en Sela, Lavadoiro de Ferral, de Turbela, no Barrio da Estación, o do Vieiro e a Hemida.

Medidas contra a Flavescencia Dourada

O director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, o Subdirector de Explotacións Agrarias e o Xefe Territorial de Medio Rural reuniranse cos viticultores de Arbo o 8 de marzo no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo para informar das medidas e do tratamento ne-

cesario para combater a flavescencia dourada da Vide ante a recente detección en plantas illadas nos Concellos de Arbo, Crecente e As Neves.

Estas deteccións forman parte da zona demarcada de Flavescencia Dourada de 2,5 quilómetros con respecto á fronteira con Portugal, onde se detectara a doenza con

anterioridade. Con todo, a zona demarcada onde se adoptan medidas en Galicia esténdese tamén a parcelas da Cañiza, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tui e Tomiño. As autoridades explicarán sobre a aplicación de insecticidas e da destrución baixo control oficial daquelas plantas infestadas.

VIII Marcha BTT da Lamprea



O domingo 14 de abril terá lugar en Arbo a Marcha BTT da Lamprea, unha proba no competitiva de 45 quilómetros de percorrido en bicicleta no marco da promoción da

LXIV Festa da Lamprea que terá lugar ós días 26, 27 e 28 de abril. O prazo máximo de inscrición é o 10 de abril quedando reducida a 150 as prazas máximas de participantes.

Rehabilitación do CEIP Antonio Carpintero



A Consellería de Educación da Xunta de Galicia autorizou o inicio da redacción do proxecto para a rehabilitación integral do CEIP Antonio Carpintero.

Visitas guiadas ao Museo Arabo na Festa da Lamprea

O Concello de Arbo organiza visitas guiadas gratuítas ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Museo Arabo" os días 26, 27 e 28 de abril, durante a celebración da 'LXIV Festa da Lamprea'.

As visitas forman parte da programación desta festa culinaria e permitirá tamén desfrutar do gastronomía e do viño das adegas arbenses na feira Arbo-mostra na Praza do Mercado e no casco urbano.

XXXI FEIRA DO REQUEIXO E MEL
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

29-30 MARZO 2024

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Ruta Francesa en Camiño!

Un ano máis o Concello de Salvaterra organiza o Camiño De Santiago (Ruta Francesa) O Concello ten programada a saída o mércores 27 de marzo ás 07:00 h. dende a Praza do Concello. As noites xa están organizadas, onde cada persoa pagará o seu aloxamento e os autocares correrán a cargo do Concello.



Un 8M pola igualdade

O Concello de Salvaterra publicou o seu manifesto polo Día Internacional da Muller este 8M reafirmando o seu compromiso e o das entidades locais "cos dereitos humanos de todas as mulleres e nenas e a implementar políticas e programas que promovan a igualdade de xénero no acceso á educación, ao emprego, á sanidade, á participación política e á toma de deci-



sións en todos os niveis". O acto institucional amosou a emisión dun vídeo conmemorativo para "dar voz a tantas mulleres"

Novas tecnoloxías para maiores

O Concello organiza en colaboración coa Fundación Amigos de Galicia un curso de novas tecnoloxías para maiores dentro do programa "Mellor Acompañad@s". O curso terá lugar os días 18, 25 de marzo e 1 e 8 de abril en

dúas ubicacións diferentes na Casa do Maior en Leirado de 09:00 a 11:00 horas e na Casa do Conde de 11:30 a 13:30 horas. A actividade totalmente gratuita ten como fin que as persoas maiores de 65 anos sexan capaces de desenvolverse cun caixeiro au-

tomático, utilizar o teléfono móbil (agregar contactos na axenda, realizar videochamadas, utilizar o GPS, descargar aplicacións, conectarse a unha rede Wifi, entre outras), utilizar as máquinas de quendas dos hospitais e operar na aplicación do Sergas.

Campus de conciliación de Pascua



O Concello de Salvaterra abriu as inscricións para o seu programa de conciliación o Campus de Pascua. Dirixido a nenas e nenos nados entre o 2012 e 2020 cun máximo de 40 prazas, levarase a cabo durante os días 25, 26 e 27 de marzo e 1 de abril nas

instalacións do CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón. O horario será de 09:00 a 14:00 horas coa posibilidade de aula matinal cun mínimo de 10 neno/as en horario de 07.30 a 9.00h. O prezo do campus é de 10 euros e 6 euros para a aula madrugada.

+Provincia permite contratar a 18 persoas

O Concello de Salvaterra ven de solicitar, a través da liña 3 de emprego do Plan+ Provincia 2024 da Deputación de Pontevedra, a contratación de 18 persoas por un importe de máis de 224.000,00€ para os postos de peón forestal, condutor de camión, peón de limpeza, varredor,

fontaneiro, mozo recollida do lixo, oficial albanel, monitor sociocultural, informador turístico, bibliotecario e cobrador que se irán incorporando a partires do mes de abril. Con este tipo de programas búscase tamén reforzar os diferentes departamentos municipais como poden ser obras, turismo e cultura.

El Rincón de Mary

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

CAFÉ-CONCERTO

vagalume

www.vagalume-salvaterria.info

A CASA da TRIGA

RESTAURANTE

Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo

PONTEAREAS

Non pechamos coxina

PONTECAMPER

Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS

667 40 19 07

www.pontecamper.com

LOVECARS®

www.lovecars.es

BAIXO MIÑO

TUI

Aberto o novo tramo de conexión da A-55 co polígono de Areas

Acompañado da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en funcións, Ethel Vázquez, o presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, inaugurou o novo tramo da conexión da A-55 co polígono de Areas a través da autovía Tui-A Guarda co ramal cara Portugal, destacando a necesidade de conseguir a "vertebración fundamental" entre o sur de Galicia e Portugal.

Con esta ligazón os usuarios que se despracen de Tui á Guarda poderán acceder de forma sinxela a autovía que une Vigo e Portugal (A-55). A mediados de xaneiro



entraron en servizo tres ramais da ligazón que comunica o polígono de Areas coa A-55. En concreto, os ramais de saída da liga-

zón quilométrica 30 da autovía A-55 así como ramal directo entre a glorieta das estradas N-551 e PO-552 e a glorieta.

O Concello traslada á Deputación o proxecto de construción dunha rotonda en Ribadelouro

O Concello de Tui vén de trasladar á Deputación de Pontevedra o proxecto de construción dunha rotonda en Ribadelouro coa que evitar o tránsito de camiões polo centro do núcleo da Magdalena.

Na parroquia de Ribadelouro o PXOM de Tui recolle a localización dunha importante área de solo empresarial, constituída por catro sectores de solo urbanizable, que acada unha superficie total aproximada de 600.000 m², emprazados en torno a estrada provincial EP-2502, entre a saída da A-55 no Cerquido e o núcleo rural da Magdalena en Ribadelouro, que conecta estes sectores coa autovía A-55.

Recentemente, por medio dunha modificación puntual do PXOM, impulsada directamente dende o concello de Tui para posibilitar o desenvolvemento de dous dos de-



vanditos sectores, aprobouse o respectivo plan parcial dos mesmos e na actualidade se están a tramitar os seus correspondentes proxectos de equidistribución. Nomeadamente, trátase dos sectores SU-2A e SU-2B do PXOM.

O Concello de Tui trasladou o pasado 2 de febreiro a información da rotonda a Deputación de Pontevedra, "aos efectos da súa toma

de coñecemento e de trasladar a vontade municipal de proceder a súa execución, para o cal solicita a colaboración provincial a tal fin, no ánimo de mellorar a seguridade viaria na zona e favorecer a inminente posta en carga dos devanditos sectores empresariais evitando dese modo o tránsito de vehículos pesados polo solo de núcleo rural de A Magdalena".

Renovación da terraza do CETD de piragüismo e remo



Gracias a unha subvención da Xunta, o Concello de Tui deu inicio á substitución do chan de madeira da terraza do Centro Especializado en Tecnificación Deportiva de Piragüismo e Remo, o chamado Centro Interfederado.

O investimento desta obra,

executada entre decembro do ano 2023 e febreiro de 2024 pola empresa tudense RONAUTICA QUALITY MARINAS, foi de 45.254,00€. Esta mellora, xunto a próxima apertura da cafetería da instalación, adxudicada recentemente, revalorizarán o centro, así como o entorno situado á beira do río Miño.

XI Eurocidade BTT Tui-Valençá



A XI Eurocidade BTT, que se celebrará o domingo 17 de marzo, aspira a reunir a 1.200 participantes nunha proba única de carácter transfronteirizo. Este evento, que forma parte do calendario deportivo da Eurocidade Tui-Valençá, foi presentado polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, os concelleiros de Deportes de Tui e Valençá, Rafael Estévez e

Arlindo Sousa, o seleccionador da Federación Galega de Ciclismo, Óscar Sánchez, o presidente da Peña Ciclista Bicosos Rías Baixas organizadores da BTT, Eduardo Fernández, así como o ciclista local Manuel Bugallo. Contará con dúas distancias, 45 kms e 80 kms, e por vez primeira os participantes de ambas distancias subirán ao monte Faro en Valençá.

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Pontearnas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontearnas T. 986 66 00 00

0 lume de San Telmo protagoniza o cartaz das festas

O polifacético artista tudense Víctor Aparicio Abundancia é o autor do cartaz anunciador das festas de San Telmo deste ano 2024, que se van celebrar do 30 de marzo ao 8 de abril.

Explica o autor que “o lume de San Telmo, ese fenómeno que produce incandescencias ou escintileos nas puntas dos mastros dos barcos, interpretoouse, dependendo de épocas e lugares, como sinal de infortunio ou de todo o contrario”. Engade que “así de fráxil e cambiante adoita ser a



vida da xente que se manexa no mar. Así de fráxil é tamén -noutra orde de cousas- a meteoroloxía de Tui nas súas festas”.

Carreira Popular de San Telmo

O Concello de Tui abriu este 8 de marzo e ata o 3 de abril prazo de inscrición para a Carreira Popular de San Telmo 2024, proba deportiva organizada polo Club Atletismo Tui e o Concello de Tui, que terá lugar o sábado 6 de abril, a partir das 11.00 horas, dende o Paseo da Corredoira. Como en anteriores anos a carreira terá carácter solidario a favor da Asociación SOS Tomiño Baixo Miño.

A Carreira Popular de San Telmo contará con distintas categorías, dende os pitufos, nados nos anos 2021, 2020 e 2019,



ata os veteráns B, nados no ano 1978 ou con anterioridade

Un 8M coa voz e a arpa de Mar Quintana

A voz de Marta Quintana e a música que interpretou “Ramo verde” e “Verde” á arpa abriu o acto conmemorativo do 8M en Tui no edificio da praza da Inmaculada ante unha nutrida asistencia.

A concelleira de Igualdade Ana Núñez fixo fincapé no lema deste ano “Contra o negacionismo, máis feminismo”. Pola súa banda Carme Verde, profesora da Universidade de Vigo, foi a encargada da lectura do manifesto lembrando que o feminismo “é ese movemento social que ao longo da historia ten




loitado por conseguir cambios de Tui, Enrique Cabaleiro amosando o compromiso do goberno local pola igualdade”

Xornadas Rosendo Salvado

Os días 28 e 29 de febreiro o Concello de Tui organizou unha nova edición das Xornadas Rosendo Salvado en torno ao CCX aniversario da data de nacemento do beneditino tudense, o 1 de marzo de 1814..

A primeira sesión contou coa presenza do profesor da UVigo, Albino Prada Blanco, e o escritor Hector Cajaraville para falar do libro “O País dos Sen Alma. Rosendo Salvado en Australia” e da novela “Novo Nursia”, centrada na biografía e traxectoria de Ro-

sendo Salvado, falará arredor de “Frei Rosendo Salvado, unha rúa de Santiago”. O investigador Francisco Díaz-Fierros, do Consello da Cultura Galega, finalizou as xornadas coa conferencia “Ciencia, técnica e cultura na obra de Frei Rosendo Salvado”.





Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61





Opticos desde 1939



Nº Reg. Comercio F-26-800038

PONTEAREAS

rúa senén caído, 4

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

O BNG pede eliminar á Serra da Groba do negocio eólico

O BNG Baiona amosou a súa satisfacción pola publicación na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, da Declaración de Impacto Ambiental (D.I.A.), en sentido negativo, relativa ao proxecto de construción do parque eólico terrestre Torroña I. Este proxecto era o derradeiro que afectaba ao noso concello e ao que lle faltaba a D.I.A. despois de que se emitiran, tamén en sentido negativo, as dos proxectos denominados Torroña e Albariño I.

Advirten que continúa vixente o Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG) e con el as Áreas de De-



envolvemento Eólico (ADE,s) que segue a incluír á Serra da Groba e a Baiona. Esixiu á Xunta de Ga-

liza a eliminación das ADE,s que afectan ao concello de Baiona e ao Val Miñor.

Faleceu o escritor Alfonso Álvarez Cáccamo

O Concello de Oia expresou o seu pesar polo recente pasamento de Alfonso Álvarez Cáccamo, escritor, profesor e destacado referente cultural residenciado no municipio. A obra literaria de Álvarez Cáccamo reflicte o seu compromiso coa lingua e a cultura galega, así como a súa sensibilidade, o seu especial humor e o seu talento.



amosar as nosas condolencias á familia, lembrando a súa xenerosa colaboración co noso xornal.

Novas tecnoloxías para maiores en Oia

O Concello de Oia acollerá nos meses de marzo e abril unha nova formación gratuíta en novas tecnoloxías, neste caso destinada a persoas maiores de 65 anos. A iniciativa, que desenvolverá a Fundación Amigos de Galicia, ten como obxectivo fomentar a autonomía e independencia das persoas de máis de 65 anos.

O programa “Mellor Acompañad@s” da Fundación Amigos de Galicia desenvolverase nun total de 4 sesións os venres 15 e 22 de marzo e 5 e 12 de abril nos baixos da Casa do Concello. Formarase en uso de caixaero automático e teléfono móbil (contactos na axenda, realizar videochamadas, uso do GPS, descarga de aplicacións, conexión a redes Wifi, SERGAS).

"Xantar na Casa" chega ao Rosal

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta, Perfecto Rodríguez, e a Alcaldesa do Concello do Rosal, Án-xela Fernández, asinaron o convenio de adhesión ao programa Xantar na Casa, servizo de comida a domicilio que facilita e garante unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores, dependentes e en risco de exclusión social.

A Xunta encárgase de financiar o 50% do custe da comida, mentres que a outra metade corre a cargo do Concello e dos usuarios a



partes iguais. O número de usuários de alta no Xantar na Casa supera na actualidade as 2.000 pessoas

e o número de concellos adheridos a este programa sitúase por riba dos 200.

Pruebas de detección rápida do VIH

A Asociación Raiceiras da Guarda pon en marcha un novo servizo no Baixo Miño. A asociación está a realizar de forma gratuita e anónima as probas rápidas do VIH a toda

aquelas persoas interesadas maiores de 16 anos. As probas lévanse a cabo por persoal especializado que realizará un acompañamento previo e posterior á realización das mesmas.

UE atende as demandas do BNG sobre contaminación marítima

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, salientou en Bruxelas a gran importancia que ten para Galiza que a Comisión Europea decidira incluír os vertidos de pelets e as perdas de contedores na Directiva sobre a contaminación procedente de buques, -que modifica o texto actual 2005/35/CE-. O principal obxectivo da modificación desta directiva é reforzar a aplicación e aplicación do Convenio Internacional para a Prevención da Contaminación polos Buques (MARPOL 73/78) da Organización Marítima Internacional (OMI) así como o establecemento dun réxime de sancións axeitado garantindo que a empresa operadora sexa o principal suxeito responsable en caso dun incidente de contaminación.



Por outra bandan, Miranda via-xou cunha delegación europea ao paso fronteirizo de Rafah, que separa Exipto e a Franxa de Gaza para denunciar, unha vez máis, o xenocidio do Pobo palestino a mans de Israel ante a traxedia que supón "máis de

30.000 persoas asasinadas, máis de 70.000 feridas, máis de 360.000 vivendas destruídas ou danadas, ademais de infraestruturas civís destruídas como hospitais e universidades, e aproximadamente 2 millóns de persoas desprazadas".

A Coruña como sede do Mundial 2030



O Concello da Coruña fixo chegar á comisión avaliadora das candidaturas para acoller as futuras sedes do Mundial 2030 dous vídeos que recollen o apoio de ata 30 "embaixadores" á candidatura do estadio de Riazor. Figuras tan coñecidas como os ex futbolistas Bebeto e Mauro Silva ou o adestrador "Jabo" Irureta forman

parte deses "embaixadores" da cidade. Os vídeos recollen tamén o estreito vínculo da cidade co seu equipo, o Real Clube Deportivo A Coruña, toda vez aportáronse proxectos para converter Riazor nun Estadio de Fútbol do máximo nivel e un recinto multi-usos capaz de albergar eventos de dimensión internacional.

AGDSP: "a vitoria do PP é unha ameaza para a sanidade pública galega"

O Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal entregou a súa Memoria 2023 consolidándose como espazo de referencia para o ecosistema galego da seguridade de información, coa incorporación de 10 grandes empresas e a realización ou participación en todo tipo de iniciativas de concienciación, promoción do talento e do coñecemento e prestación de

servizos. Na actualidade, son xa máis de 50 as administracións, universidades, empresas e institucións que forman parte deste modelo de colaboración creado en 2020. Entre as campañas dirixidas á cidadanía, a memoria destaca as máis de 4 millóns de visualizacións que tiveron os vídeos de #CiberEsther; os máis de 6.600 escolares que participaron no

concurso 'Ciberseguridade no cole!', ou os case 4.000 participantes nas iniciativas de concienciación e formación en ciberseguridade nos colexios. O Nodo participou tamén na elaboración da Estratexia Galega de Ciberseguridade e formalizou colaboracións con organizacións internacionais como a Global Cybersecurity Alliance e asinou convenios co INCIBE.

Mediante comunicado, a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) destacou que a "vitoria electoral do PP o pasado 18 de febreiro nas eleccións autonómicas supón unha ameaza para a supervivencia do Sistema Sanitario Público Galego". Reiteraron as súas denuncias sobre o que consideran o "des-

mantelamento sistemático da sanidade pública" que "pon en risco o dereito á saúde da poboación, especialmente aos grupos máis vulnerables como nenos, mulleres, enfermos crónicos, persoas maiores ou dependentes que viven no rural ou en residencias". Destacaron igualmente o labor de sensibilización social das Plataformas SOS Sanidade Pública en Galicia.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23


Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

XLIV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI SOBER



galicia

22, 23 e 24 de marzo de 2024



Feira de Interese Turístico
www.concellodesober.com

GADIS



CONCELLO DE SOBER

ARABANCA